



# **CINE GALEGO:** **identidade, diversidade e excepción cultural**

## Introdución

Os "dereitos culturais" son parte integrante dos dereitos humanos, sen embargo, perante moitos anos foron considerados como unha subcategoría deles<sup>1</sup>. Diante desta situación, a UNESCO creou diversas directrices encamiñadas a ampliar a comprensión do termo cultura, o que significou que os dereitos culturais se estenderan a terreos tan importantes como a diversidade cultural e a comunicación.

O recoñecemento das diferentes identidades culturais conleva o respecto á diversidade cultural: patrimonio da humanidade e unha das fontes de desenvolvemento dos seres humanos. A defensa deste principio atópase en estreita relación coa salvagarda da pluralidade dos medios de comunicación, tal e como afirma o artigo 6 de **a Declaración Universal da UNESCO sobre a Diversidade Cultural**: "A liberdade de expresión, o pluralismo dos medios de comunicación, o multilingüismo, a igualdade de acceso ás expresións artísticas [...] e a posibilidade para todas as culturas de estar presentes nos medios de expresión e difusión, son os garantes da diversidade cultural". A necesidade de apoiar os puntos de vista "minoritarios" e "rexionais", nos medios audiovisuais, ten como obxectivo combater a uniformidade dos contidos das obras audiovisuais, consideradas bens de carácter cultural, que ademais son portadoras de sinais de identidade.

O cine -considerado como "punta de lanza" do audiovisual en xeral- debido á súa dobre condición -cultura e industria- está a sufrir os efectos da mundialización en dúas das súas dimensións: a económica e a cultural. Por esta razón, os países europeos adoptaron o concepto de "excepción cultural", co fin de manter a súa autonomía política en materia cultural. O que se persigue é a defensa dos cines "proprios" representantes da diversidade cultural, que garanten a multiplicidade de olladas e a expresión das diferentes voces do planeta.

---

<sup>1</sup> Ver, Symonides Janusz, "Una categoría descuidada de derechos humanos".

## O cine e a súa dobre condición: arte e industria

*Ed, semellas un bo mozo, pero bota unha ollada, eu non contrato a directores cobizosos de contar as súas historias... Preciso de alguén con experiencia que rode en catro días e me deixe beneficios, iso é o que me importa....<sup>2</sup>*

O cine dende a súa orixe posúe unha dobre condición: é espello e xerador de imaxinarios colectivos, vehículo de expresión da diversidade cultural e, en definitiva, "**arte**"; por outra banda é unha "**industria**" que xera emprego, riqueza e que se resinte diante das crises económicas o mesmo ca outros sectores. Como actividade económica o cine regulouse legalmente, sen embargo, a súa especial condición de actividade artística, con vocación comunicadora, deu lugar a unha serie de figuras específicas que requiriron dunha revisión constante por parte de numerosas institucións, nomeadamente a **UNESCO** -que engloba ó cine no eido da cultura- e a **Organización Mundial de Comercio (OMC)**, que pretende que as disposicións firmadas nos acordos se apliquen ó cine e ó audiovisual, como a calquera outro sector dos servicios.

A cultura segundo a UNESCO debe ser considerada como "o conxunto dos riscos distintivos espirituais e materiais, intelectuais e afectivos, que caracterizan a unha sociedade ou a un grupo social, e que abrangue, ademais das artes e as letras, os modos de vida, as maneiras de vivir xuntos, os sistemas de valores, as tradicións e as crenzas"<sup>3</sup>. A cultura, ademais, adquire formas diversas, e esta **diversidade** maniféstase na orixinalidade e pluralidade das identidades, que caracterizan ós grupos e ás sociedades que compoñen a humanidade<sup>4</sup>.

Na **Declaración Universal da UNESCO sobre a Diversidade Cultural**<sup>5</sup> -aprobada por unanimidade o 2 de novembro de 2001<sup>6</sup>- púxose de manifesto a

---

<sup>2</sup> O produtor de *Films clásics* -unha produtora de terceira- dirixíndose a Ed Wood cando o visitaba para ofrecerse como director de *Cambio de sexo*.

<sup>3</sup> Definición conforme ás conclusións da Conferencia Mundial sobre Políticas Culturais (Mondiacult, México, 1982).

<sup>4</sup> Artigo 1º da *Declaración Universal da UNESCO sobre a Diversidade Cultural*.

<sup>5</sup> A diversidade cultural foi un dos temas principais de debate da UNESCO, desde 1998. Anteriormente o tema fora tratado de maneira indirecta en diferentes disposicións como: O Acordo de Florencia de 1950 e o seu Protocolo de Nairobi de 1976, a Declaración dos Principios de Cooperación Cultural Internacional de 1966, a Convención sobre as Medidas que Deben Adoptarse para Prohibir e Impedir a Importación, a Exportación e a Transferencia de Propiedade Ilícitas de Bens Culturais de 1970, a Convención para a Protección do Patrimonio Mundial Cultural e Natural de 1972, a Declaración da UNESCO sobre a Raza e os Prexuízos Raciais de 1978, a Recomendación relativa á condición do artista de 1980 e a Recomendación sobre a salvagarda da cultura tradicional e popular de 1989.

importancia que tiñan os medios de comunicación como medios de expresión e de difusión da diversidade cultural (artigo 6). Tamén se declaraba que cada Estado debía definir a súa política cultural, en tanto que garantira a libre circulación das ideas e as obras, co obxectivo de crear unhas condicións propicias para a produción e difusión de bens e servicios culturais diversificados (artigo 9).

**Fronte a esa forma de concebir o cine e os medios de comunicación como cultura, a OMC presenta un discurso diferente ó incluílo dentro das chamadas "industrias do entretemento", equiparando as producións culturais con mercadorías que deben circular nun mercado libre e único.**

## **A OMC e o AGCS**

*A idea dunha democracia económica, por moi relativizada que tivese que ser, deu lugar a un mercado obscenamente triunfante, e á idea dunha democracia cultural substituíuse por unha non menos obscena masificación industrial das culturas, ese falso melting-pot co que se pretende enmascarar o predominio absoluto dunha delas.*  
José Saramago<sup>7</sup>

A Organización Mundial de Comercio é unha organización internacional, creada o primeiro de xaneiro de 1995 -tras negociacións da Ronda de Uruguay (1986-1994)<sup>8</sup>- co obxectivo de regular e promover o libre intercambio do comercio internacional. Non obstante, a súa orixe remóntase a 1948, cando se aprobou o **Acordo Xeral sobre Aranceis Aduaneiros e Comercio (GATT)**, que se encargou de establecer as regras do comercio a partires de entón.

En virtude dos acordos da OMC, os países non poden establecer discriminacións entre os seus diversos interlocutores comerciais -o que se coñece como **o trato da nación máis favorecida**- que garante que cada país considere de igual forma ó resto dos membros da OMC, ó tempo que se compromete a outorgar o mesmo trato ás empresas nacionais e estranxeiras.

---

<sup>6</sup> EE.UU. abandonara a UNESCO en 1984, regresando en setembro de 2003; polo tanto, non era membro desta organización cando se aprobou a Declaración.

A Ronda de Uruguay tamén desenvolveu negociacións no ámbito do comercio de servizos, o **Acordo Xeral sobre o Comercio de Servizos (AGCS)** - máis coñecido como **GATS**- que non só se ocupaba xa do ámbito do comercio de mercadorías -como lle correspondía ó GATT- senón que o ampliaba ó comercio de servizos como o correo, as telecomunicacións, o turismo, o transporte e a provisión de electricidade, entre outros, incluíndo os servizos públicos como o coidado médico, a educación ou o auga, e os servizos culturais.

Os países europeos, liderados por Francia, pediron que o sector cultural recibise un trato particular -ó igual que outros sectores como o aéreo- no que as consideracións estritamente económicas, se supeditaran a consideracións tanto políticas como sociais. Para acadar ese trato específico, Francia introduciu a noción de **excepción cultural**, que se orientaba cara a exclusión do cine da lista dos produtos e servizos por liberar, fronte ós países "librecambistas", liderados por Estados Unidos, que pretendían o abandono total das medidas de protección e fomento.

As discusións prolongáronse ata decembro de 1993. Se ben non se chegaron a excluír os bens e servizos culturais da negociación, a Unión Europea rexeitou facer unha oferta liberalizadora que autorizara a apertura do seu mercado audiovisual, incluíndose así medidas de exención relativas ó sector, na lista de exencións á cláusula da nación máis favorecida<sup>7</sup>. Ó mesmo tempo, acordouse que esas medidas non debían exceder os 10 anos de duración e que estarían sometidas a negociación no futuro, o que significa que o audiovisual está integrado no proceso de liberalización futura, como calquera outro sector. Mentres tanto, esa "non liberalización" total permitiu conservar as políticas de cotas de difusión nacionais e europeas, e de axudas financeiras á produción e difusión da cinematografía.

---

<sup>7</sup> Saramago, José, "O nome e a cousa", *Le monde diplomatique*, decembro, 2003.

<sup>8</sup> Na actualidade conta con 146 países membros e a súa sede está en Xenebra, Suíza.

<sup>9</sup> Torrent, Ramón, La "excepción cultural" en la Organización Mundial de Comercio (OMC): la base de la política audiovisual en Cataluña.  
[www.audiovisualcat.net/box48esp.html](http://www.audiovisualcat.net/box48esp.html)

O prazo de 10 anos fixado polo AGCS, sobre a exención da cultura, remata o ano 2004; en consecuencia o audiovisual pasará a ser un dos temas claves de negociación da OMC. EE.UU. -que domina de forma case absoluta a exhibición de contidos en todo o mundo<sup>10</sup>- está interesado en conseguir o trato igualitario das súas producións audiovisuais, a súa segunda industria de exportación despois da armamentística. A igualdade que solicitan eliminaría tódalas medidas preferenciais e de fomento que moitos estados aplican ás súas industrias cinematográficas.

## Diversidade, identidade e excepción cultural

Os defensores da **excepción cultural** consideran que o cine é un ben cultural imprescindible para calquera estado que queira salvagardar os seus sinais de **identidade** e **diversidade**. A identidade como representación social ten que ver coa organización por parte dos individuos das representacións que teñen de si mesmos e dos grupos ós que pertencen, así como tamén dos outros e dos seus respectivos grupos. A diversidade cultural, pola parte, pon de relevo as distintas manifestacións que pode presentar a cultura.

O debate encol do tema xerou opinións enfrontadas, como a do escritor Mario Vargas Llosa, que sinalaba nun artigo sobre a "identidade francesa" os perigos derivados da preocupación polas identidades dos distintos grupos.

Toda preocupación pola "identidade" dun grupo humano ponme os pelos crechos, pois cheguei ó convencemento de que tras ela agáchase sempre unha conxura contra a liberdade individual... O concepto de identidade, cando non se emprega a unha escala exclusivamente individual e aspira a representar a un conglomerado, é reductor e deshumanizador; un pase máxico ideolóxico de signo colectivista que abstrae todo o que hai de orixinal e creativo no ser humano, aquilo que non lle impuxeron pola herdanza, nin polo medio xeográfico, nin a presión social, senón que resultou da súa capacidade de resistir esas influencias e contrarrestalas con actos ceibes, de invención persoal<sup>11</sup>.

---

<sup>10</sup> Estados Unidos só importa un 1% da produción cinematográfica mundial.

<sup>11</sup> O texto, publicado en El País, comenta unha enquisa realizada pola revista *La nouvelle revue française* sobre a identidade francesa.

Por outra banda, o termo excepción cultural tamén foi obxecto de debate en Francia -país que o adoptou para defender as súas posicións nas negociacións da OMC- onde pasou por momentos de crises, tal e como se expón a continuación:

"A excepción cultural francesa morreu", sentenciou onte Jean Marie Messier, o gran patrón de Vivendi Universal, mentres comentaba a adquisición do Grupo USA Networks e a progresiva americanización da antiga Générale des Eaux, máis tarde metamorfoseada en Vivendi. Para Messier, "as angustias franco-francesas son arcaicas", pois en vez de preocuparse por "excepcións" **o que hai que defender é a "diversidade cultural"**<sup>12</sup>.

A pesares de que existe unha tendencia a utilizar, cada vez máis, "diversidade cultural" polo termo "excepción cultural" -que en opinión de algúns é demasiado restrictivo e negativo- existe o perigo de que o propósito formal da OMC de "liberalizar" o mercado para ceibalo do "corsé proteccionista", tamén poida ser levado a cabo erguendo a bandeira da "diversidade cultural". Sen entrar na polémica sobre a ambigüidade dos termos, non hai que esquecer o que se quere acadar con ámbolos conceptos: **a defensa da pluralidade cultural, considerada pola UNESCO como patrimonio da humanidade**<sup>13</sup>, **así como se defende a "biodiversidade" para conservar a riqueza das especies.**

Nesta batalla, os medios de comunicación xogan un papel fundamental, ó seren os vehículos máis importantes da homoxeneización cultural. A televisión - que se está a converter na principal fonte de información e de entretemento en moitas partes do mundo- achéganos cada vez máis un modelo único e repetido baseado sobre todo no xeito de vida e ideoloxía norteamericanos. Nese sentido, o **Informe** da UNESCO sobre **Políticas Culturais de 1982**, revelaba a ameaza contra a diversidade cultural que exercían as axencias de noticias e as grandes multinacionais da comunicación occidental, e esixía medidas para equilibrar a produción e o intercambio cultural no mundo.

Con este obxectivo, a UNESCO está a tratar de implantar a adopción dun **Tratado Internacional sobre a Diversidade Cultural**. A súa aprobación sería de vital importancia, pois aseguraría un **fundamento xurídico** que lexitimaría ás

---

<sup>12</sup> 19, decembro de 2001, Vivendi intervéñen en máis do corenta por cento da produción Francesa.

<sup>13</sup> Artigo 1º da *Declaración Universal da UNESCO sobre a Diversidade Cultural*.

políticas de intervención económica por parte dos estados en materia cultural. Un marco legal dese tipo sería fundamental á hora de contrarrestar os efectos da mundialización, que tende a uniformizar as ideas e os xeitos de vida.

Coa petición da excepción cultural, non se pretende o peche das fronteiras, senón un intercambio máis equitativo que favoreza a diversidade cultural, e que permita a produción, distribución e exhibición de obras rexionais, locais, e de outros países do mundo, que atopan dificultades para acceder ó mercado, hoxendía.

**A adopción da cláusula de "excepción cultural" excluíría ós sectores de bens e servizos culturais dos compromisos liberalizadores comerciais da OMC. Calquera demanda de protección ou excepción cultural é lexítima cando o que se protexe non é unha cultura nacional, senón a diversidade de "a cultura". Débese combater e regular a omnipresencia dunha soa cultura, tanto dentro dos Estados como en todo o mundo<sup>14</sup>.**

## O "cine galego"

Nos últimos anos, o audiovisual galego experimentou un desenvolvemento sen precedentes, sendo un exemplo de expresión da diversidade cultural e o multilingüismo que existe no Estado español. O patrimonio cultural galego, en tódalas súas formas "debe ser preservado, valorizado e transmitido ás xeracións futuras co fin de nutrir a creatividade en toda a súa diversidade e, así, instaurar un verdadeiro diálogo entre as distintas culturas"<sup>15</sup>, a través do cine.

A aposta por un cine propio apoiouse nas políticas culturais que impulsou a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da **Xunta de Galicia**. En 1999, aprobouse a **Lei do Audiovisual de Galicia** -a primeira lei desas

---

<sup>14</sup> Ver, Dabbouss-Sensening, Dima, "De la defensa de la "excepción cultural" a la promoción de la "diversidad cultural": la política europea y el mundo árabe": [www.audiovisualcat.net/box48esp.html](http://www.audiovisualcat.net/box48esp.html)



características no Estado español- co obxectivo de xerar un marco legal que favorecese a produción e difusión do audiovisual galego. Así mesmo, a creación doutras entidades como o Consorcio Audiovisual de Galicia, a Academia Galega do Audiovisual, o Clúster do Audiovisual -que apoia o desenvolvemento do sector en canto industria- e o Centro Galego de Artes da Imaxe, favoreceu a consolidación dun sector que se atopa en expansión, aínda que constituía unha mínima parte da produción total española. Por outro lado, foi fundamental a creación de asociacións que agruparon ós profesionais do audiovisual galego como **AGAPI** (Asociación de Productores Galegos Independentes), **AEGA** (Asociación de Empresas Galegas do Audiovisual), **AGAG** (Asociación Galega de guionistas), **AADTEG** (Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia) e **CREA** (Directores e Realizadores Asociados de Galicia), que foron os voceiros e representantes do audiovisual galego no panorama nacional cinematográfico. Sen embargo, a pesares do notable crecemento que dende 1994 experimentou o audiovisual en Galicia<sup>16</sup>, a súa aínda feble estrutura económica convérteo nun sector que non pode ser autosuficiente, como se amosa a continuación.

En decembro de 2001, a industria audiovisual galega estaba formada por 226 empresas, sendo o sector da produción máis importante, fronte a sectores minoritarios como o da exhibición ou o da distribución. O sector da produción, que perante o período de 1994 a 2001 incrementou o seu volume de negocio nun 20%, caracterízase ademais, por ter unha estrutura fragmentada, sendo o grupo de empresas grandes (2,7%) o que acada unha cifra de beneficio maior (54%), respecto ó conxunto de empresas medianas (37%) e pequenas (9%). Ningunha delas se atopa entre as dez empresas de produción con máis volume de negocio en España, nin no mercado televisivo, nin no cinematográfico, xa que a contribución das empresas galegas ós ingresos totais das produtoras españolas de cine e televisión foi, perante o ano 2001, de tan só un 5,6%.

O número de longametraxes producidas en Galicia, ou que contaron coa participación dalgunha empresa galega, incrementouse nos últimos cinco

---

<sup>15</sup> Artigo 7, Declaración Universal da UNESCO sobre a Diversidade Cultural.

<sup>16</sup> Os datos sobre o audiovisual galego foron obtidos do libro *Audiovisual Galego*, publicado pola Xunta de Galicia.

anos, acadando o seu punto máximo no ano 2002, con seis longametraxes realizadas. Hai que sinalar que das corenta longametraxes financiadas por empresas galegas, entre 1996 e 2002, vintecinco delas tiveron unha asistencia ás salas por debaixo dos 100.000 espectadores, e só tres superaron o medio millón, incluídas dúas coproduccións, nas que a participación das empresas galegas era minoritaria. A pesares de que o público galego amosou o seu apoio ás producións propias, pois se ben representa o 3,7% dos espectadores do ámbito nacional, esta porcentaxe é superada nas producións propias que obteñen un 9,2%. Non obstante, a cifra é insuficiente ó representar menos de 10.000 espectadores por título. O cine galego, ademais, amosa unha gran dependencia do sector televisivo, que xerou máis ingresos cá industria cinematográfica, en especial as televisións locais, cun crecemento dun 65% entre 1995 e 2001.

Por último habería que sinalar que o cine producido en Galicia, en xeral, ten dificultades para estrear no resto de comunidades e no estranxeiro, ó carecer de infraestructuras propias de exhibición e distribución, o que conleva un desequilibrio entre o que se produce e o que se consume, que é meirande parte cine norteamericano, como no resto de España.

Tras este breve resume, podemos afirmar que, aínda que a industria cinematográfica galega se atopa nun dos seus mellores momentos económicos, está aínda en desvantaxe respecto de outras cinematografías do Estado español, por falla de infraestructuras. Segue a precisar, polo tanto, apoios institucionais e inversión privada galega e do resto do Estado.

**A posta en práctica do libre comercio do sector audiovisual mundial sería nefasta para a incipiente industria galega. A aposta por un cine propio que contribúa á difusión dunha cultura, que ata hai moi poucos anos era invisible nas grandes pantallas -e que pretende ser unha contribución á difusión da diversidade cultural mundial- sería truncada se non se loita pola defensa do cine como excepción cultural.**

## O "cine español"

### A crise do "cine español"

O "cine español" está en crise, e non é por falta de talento ou creatividade. Os problemas derivan das dificultades estruturais do sector cinematográfico, que non conseguiu consolidarse como industria, polo que lle é imposible competir en igualdade de condicións no seu propio mercado. As canles de exhibición e distribución atópanse en mans dos grandes estudios de Hollywood, e exercen unha competencia desigual ó ocupar a meirande parte das pantallas, a través do seu sistema de venta por paquetes, que reduce a dispoñibilidade de programación para o resto de cinematografías<sup>17</sup>.

Perante o ano 2002 producíronse 137 películas, sen embargo se perderon espectadores -de 26,6 pasouse a 15 millóns, entre os anos 2001 e 2002- e reduciuse a cota de mercado. Esta situación do mercado español confirma a tendencia internacional de retroceso dos mercados cinematográficos, que non só afecta ás sás, senón tamén ó comercio internacional de películas, ós mercados de vídeo, ó número de abonados á televisión, etc. Tanto o cine español como o europeo perderon cota de mercado, ó non contar con películas de gran éxito, o que favoreceu ó cine norteamericano. As causas fundamentais da debilidade continúan a ser "a talla do mercado insuficiente, a atomización da produción e dificultades de comercialización nacional e internacional"<sup>18</sup>. A todo iso hai que engadir:

-un importe de fondos públicos insuficiente, considerablemente menor ó resto de países como Italia, Francia o Alemania, mentres que o número de producións é moi semellante;

-o incremento, en xuño de 2002, dos límites mínimos de taquilla necesarios para obter as axudas do Fondo de Protección;

-a incertidume creada pola fusión das dúas plataformas dixitais (que provocaron a paralización das compras dos dereitos de pago das películas);

---

<sup>17</sup> Os datos que se citan sobre o cine español foron obtidos do "Informe del año: el cine español de 2002", publicado na revista *Academia. Revista del cine español*, nº 33, o informe da Plataforma del Cine Español sobre a situación do cine español e a Análise da evolución do cine español durante o período 1996-2002, publicado polo ICCA.

<sup>18</sup> Alvarez Monzonillo, José María y Javier López Villanueva, "La crisis que viene", *Academia. Revista del cine español*, nº 33, 2003, p.49.

- e a diminución do número de produccions adquiridas polas televisións no ano 2002.

**Diante desta situación, distintas asociacións e institucións<sup>19</sup> representativas do panorama cinematográfico xuntáronse o 10 de febreiro de 2003, asinando un documento no que solicitaban o compromiso do goberno español en apoio da diversidade cultural na próxima rolda de negociacións dos GATS. Tamén demandaron unha serie de medidas encamiñadas a "equilibrar as condicións do mercado, e establecer as pautas necesarias na distribución e explotación das películas", co obxectivo de permitir ó cine español competir no seu propio mercado.**

### **A Plataforma para a Defensa do Cine español**

As devanditas asociacións decidiron agruparse o 4 de Marzo de 2003, en **A Plataforma para a Defensa do Cine Español**, da que forma parte **CREA (Directores e Realizadores Asociados de Galicia)**. A Plataforma vén realizando diversas accións encamiñadas a persuadir ó Goberno para que adopte unha posición a prol da excepción cultural; sen embargo, ata o momento, non se amosou abertamente nin en contra nin a prol, como Francia.

O 24 de marzo de 2003, a Plataforma enviou unha carta ó **Ministro de Economía, D. Rodrigo Rato**, co fin de solicitar ó Goberno, que excluíse o sector cultural das negociacións da Organización Mundial de Comercio. Tamén propúñase a súa participación no proceso que está levando a cabo a UNESCO para a adopción do Tratado Internacional sobre a Diversidade Cultural, citado anteriormente. Do mesmo xeito, o 18 de xullo de 2003, a Plataforma dirixiuse á **Ministra de Cultura D<sup>a</sup>. Pilar do Castillo Vera**, co propósito de manifestarlle a súa inqueda sobre o tema, diante da celebración da Conferencia Intergubernamental, en outubro de 2003. Finalmente, o 30 de setembro de 2003, a Ministra Pilar do Castillo enviou unha resposta, na que reiteraba que defendería o mantemento das axudas ó sector audiovisual, sinalando que o proxecto de Constitución Europea contempla que o Consello estableza por unanimidade a negociación e conclusión de acordos -dentro

do dominio do comercio de servizos culturais e audiovisuais- en caso de poñer en perigo a diversidade cultural e lingüística da Unión.

Entre os logros acadados pola Plataforma, ata o momento, atópase o incremento de 27,5 millóns de euros para o Fondo de Garantía, case un 40% máis do anterior. Pero, sobre todo, a gran conquista foi xuntar ós profesionais do medio, arredor dunha cuestión tan importante para o futuro de todos eles.

**Respecto a Europa, a Plataforma pola Defensa do Cine español está próxima ás posicións francesa e alemana sobre a excepción cultural. Por esta razón, o pasado 10 de xuño do 2003 adheriuse á postura que adoptaron ámbolos dous países en contra do Tratado de Constitución Europea.**

## Europa

Desde hai algúns anos, a Unión Europea vén desenvolvendo unha serie de proxectos legais que teñen como obxectivo a protección e o fomento do "cine europeo" e a súa industria, que culminarán coa aprobación da futura **Constitución Europea**. A estas medidas engádese a creación dalgunhas entidades como **A Academia do Cine Europeo**, un exemplo dos intentos que está realizando a UE para aunar posicións, conforme a unha cinematografía heteroxénea que aínda non ten unha identidade propia.

A lexislación creada pola Unión Europea xirou arredor de dous eixos principais: a elaboración de medidas de promoción e apoio á produción de cine europeo e de leis que salvagardasen a diversidade cultural de Europa.

**1988** foi declarado **Ano europeo do Cine e da Televisión**, data na que entraron en vigor programas como o **Eurimages**, que outorgaba fondos de apoio á realización de películas europeas en coproducción. Outras medidas que se adoptaron foron a directiva **Televisión sen fronteiras**, en 1989, que garantía a libre circulación de emisións de televisión dos Estados membros e os programas **MEDIA (Medidas para Fomentar o Desenvolvemento da Industria Audiovisual)**. En 1990, 1995 e 2001, respectivamente, puxéronse en marcha o **MEDIA I**, o

---

<sup>19</sup> Academia de las Artes y las Ciencias Cinematográficas de España, ADIRCE, AEC, AISGE, AITE, ALMA, ARAE, Colegi de Directors de Catalunya, CREA, CCOO, ECAM, EGEDA, FAPAE, FAEE,

**MEDIA II** e o **MEDIA III**, cuxo obxectivo era e segue a ser, o financiamento de obras audiovisuais europeas de ficción, e o apoio ó desenvolvemento de empresas de produción e de distribución que contribúan á produción de obras europeas. Sen embargo, a pesares de todas estas medidas existe aínda moi pouco intercambio de produccions europeas entre os países da Unión.

A lexislación europea prestou especial atención á preservación da **diversidade cultural**, constituíndose como un dos alicerces fundamentais da súa configuración política. Este principio figura no **Tratado Constitutivo da Comunidade Europea**, no seu **artigo 151.1**: "A Comunidade contribuirá ó florecemento das culturas dos Estados membros, dentro do respecto da súa diversidade nacional e rexional, poñendo de relevo ó mesmo tempo o patrimonio cultural común"; e no **artigo 22** da **Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea**<sup>20</sup>: "A Unión Europea respecta a diversidade cultural, relixiosa e lingüística".

A Unión Europea ratificou a súa postura en defensa da diversidade cultural e da protección do audiovisual europeo, en diversos comunicados e informes nos que confirmou o carácter excepcional da industria cinematográfica, e a súa vontade de que os Estados membros conserven a súa liberdade de acción no sector audiovisual<sup>21</sup>, asegurando así unha coherencia entre as políticas internas e externas dos países da Unión<sup>22</sup>.

Na **Resolución do Parlamento Europeo sobre o AGCS**<sup>23</sup> lembrábase que os servizos culturais non debían ser comparados con outros servizos e que as regras de AGCS sobre o sector audiovisual non podían comprometer a diversidade e a autonomía cultural dos países pertencentes á OMC. Ó tempo, o Parlamento manifestaba o seu apoio á Comisión para preservar a súa capacidade de definir as políticas audiovisuais.

---

OSAAEE, TACE e UGT.

<sup>20</sup> Incorporada no apartado II do Tratado da Constitución Europea, foi aprobada en Niza en 2000: <http://europa.eu.int/eur-lex/es/treaties/dat/c2003169es.002201.htm>

<sup>21</sup> COM(1999)657final. Communication de la Commission au Conseil, au Parlement Européen, au Comité Économique et Social e au Comité des Régions. Principes et lignes directrices de la politique audiovisuelle de la Communauté à l'ère numérique.

<sup>22</sup> COM(2003)520final. Communication de la Commission au Conseil et au Parlement Européen. Vers un instrument international sur la diversité culturelle.

<sup>23</sup> P5\_TA-PROV(2003)0087 Résolution du Parlement européen sur l'Accord Général sur le Commerce des services (AGCS) dans le cadre de l'OMC, et compris la diversité culturelle.

Por último, o Consello Europeo reunido en Laeken, en decembro de 2001, decidiu a creación da **Convención** co obxectivo de elaborar un proxecto de **Tratado** polo que se instituiría unha **Constitución Europea**. Francia e Alemania amosaron o seu desacordo co texto do Tratado - o artigo 151 sobre cultura pasou a ser o **artigo 176**<sup>24</sup>, sen modificacións- xa que non incorporaba unha disposición relativa ós servicios audiovisuais e culturais en materia política que salvagardase a excepción cultural. Tal e como se prevía, o **Tratado Constitucional non se aprobou** no cumio que rematou o 13 de decembro de 2003 en Bruxelas, quedando pendente novas negociacións que serán auspiciadas pola presidencia irlandesa.

Para rematar, habería que sinalar que a política cultural europea ten repercusión, non só dentro da Unión Europea, senón tamén alén de ela, ó fomentar a cooperación cultural con outros países e organizacións. As devanditas disposicións legais en materia cultural foron decisivas para dar espazo ás voces e o talento de directores doutras partes do mundo<sup>25</sup>, que carecen de medios para producir nos seus propios países.

**Europa xogará un papel importante nas negociacións da OMC, se logran salvarse as discrepancias existentes respecto ó tema da "excepción cultural". É fundamental que este debate -que en 1993 enfrontou a EE.UU. e Europa, principalmente- se amplíe cara outros polos<sup>26</sup>, incluíndo puntos de vista "rexionais" e "minoritarios".**

**O Goberno español é responsable do tema audiovisual por partida dobre: como membro da UE e como membro da OMC. A petición dun marco xurídico que respecte a diversidade cultural e que fomente unha creación audiovisual propia de calidade (cine-arte) e productiva (cine-industria), é un dereito que debemos demandar nas nosas comunidades, ós gobernos dos Estados, en Europa, e a través de institucións internacionais.**

---

<sup>24</sup> <http://european-convention.eu.int/docs/Treaty/cv00725.fr03.pdf>

<sup>25</sup> Como os directores dos países árabes. Ver Dabbouss-Sensening, Dima:op.cit.

<sup>26</sup> A defensa da excepción cultural recibiu o apoio de institucións "non europeas" como **Las Autoridades Oficiales de la Cinematografía Iberoamericana**, entre outras. Na *XI Reunión Ordinaria de la Conferencia de Autoridades Cinematográficas (CACI)* celebrada en Venezuela entre o 21 e o 24 de xullo de 2002, acordouse unha posición conxunta na defensa do principio de "excepción cultural" do cine e o audiovisual nas negociacións da OMC.

## Conclusións

*Saúdos meu amigo, a todos interésanos o futuro porque é alí onde ti e máis eu pasaremos o resto das nosas vidas. E recorda meu amigo, os acontecementos vindeiros como este afectaránche a ti no futuro.....*

Ed Wood  
Secuencia final da súa película *Plan 9 from outer space*

Como podemos observar, a orixe do debate suscitado encol do sector audiovisual, parte da súa dobre condición arte-industria, que o fan, ó mesmo tempo, obxecto de atención de diversas institucións e organismos como a UNESCO, a OMC o a Unión Europea.

Respecto ós debates sobre o libre comercio levados a cabo no seo da OMC, Europa e Canadá defenderon unha posición favorable á excepción cultural, ó considerar que os bens culturais -portadores de identidade e de valores- non deben ser considerados como mercadorías ou bens de consumo como os demais. Do mesmo xeito, dende esta óptica, as forzas do mercado non poden garantir a preservación e a promoción da diversidade cultural, senón todo o contrario: reforzan o predominio da industria máis forte, por encima de tódalas outras.

A posición liderada por Estados Unidos defendeu o cine como un entretemento xerado por unha industria, que debe rexerse polas leis da oferta e a demanda, solicitando o libre acceso ó mercado dos seus produtos audiovisuais, o cal implicaría a supresión de políticas culturais que establecen numerosos países para fomentar a súa produción cinematográfica.

Se non se acada que o cine e o resto de producións audiovisuais sexan excluídos da lista dos servicios que deben ser liberalizados pola OMC, nun futuro, o cine europeo -e xa que logo o cine galego e o español - desaparecerán diante da imposibilidade de competir nos mercados de seu, e con el a diversidade de puntos de vista dende os que se pode narrar a realidade.



Diante desta situación, **CREA**, asociación representante dos directores e realizadores de Galicia:

- Aposta pola defensa da diversidade cultural, a través da diversidade cinematográfica.
- Considera que a adopción do principio de "excepción cultural" é fundamental para o porvir, tanto da industria cinematográfica galega como para o resto da industria cinematográfica española e europea.

Afirma que:

- toda persoa pertencente a calquera cultura ten dereito á liberdade de expresión e creación, ó través dos diversos xeitos de comunicación existentes, incluído o cine;
- a posibilidade para tódalas culturas de estar presentes nos medios de expresión e de difusión son os garantes da diversidade cultural;
- a expresión da diversidade cultural é patrimonio da humanidade;
- unha das maneiras de salvagardar a diversidade cultural é propoñendo a excepción cultural.

Por estes motivos solicita:

- o rexeitamento dos Estados á liberalización do ámbito cultural nas negociacións da OMC.
- A liberdade para os Estados e as organizacións rexionais como a Unión Europea, para definir as súas políticas culturais.
- A creación de marcos xurídicos nacionais e internacionais que exclúan o ámbito da cultura das negociacións comerciais.

## Bibliografía

Arroyo, Carlos Gustavo e Alberto Carlos Ávila, *Historia de la cinematografía de la UE. Legislación cinematográfica europea*, Edigener, Madrid, 1999.

AA.VV, *La producción audiovisual española ante el reto de la internacionalización*, FAPAE-ICEX, 2001.

AA.VV. , *Audiovisual Galego*, Xunta de Galicia, 2003.

### Revistas

*Academia. Revista del cine español*, nº 33, invierno, 2003.

*Atlas de Le Monde diplomatique* (edición española), abril, 2003.

### Na Rede:

- **UNESCO**

- Páxina oficial: <http://www.unesco.org/general/spa>
- Declaración Universal da UNESCO sobre a Diversidade Cultural: <http://www.montevideo2003.com.uy/docs/unesco.pdf>

- **Organización Mundial de Comercio**

- Páxina oficial: <http://www.wto.org>
- Sauv e, Pierre, "Los retos culturales de la ronda de negociaciones de Doha de la OMC": <http://www.audiovisualcat.net/box48esp.html>
- <http://www.citizen.org>
- <http://www.encuentropopular.org>

- **A Uni n Europea**

- P xina oficial: <http://europa.eu.int>
- Sobre a Convenci n: <http://european-convention.eu.int>

- **Medios audiovisuais e diversidade cultural**

**En Quaderns do CAC n  14:** [www.audiovisualcat.net/box48esp.html](http://www.audiovisualcat.net/box48esp.html)

- Dabous-Sensening, Dima, "De la defensa de la "excepci n cultural" a la promoci n de la "diversidad cultural": la pol tica cultural europea y el mundo  rabe".
- Frau-Meigs, Divina, "Excepci n cultural, pol ticas nacionales y mundializaci n".
- Torrent, Ram n, "La excepci n cultural en la Organizaci n Mundial de Comercio (OMC): la base pol tica audiovisual en Catalu a".
- Lalumi re, Catherine, "La batalla de la "Diversidad Cultural"":

[http://www.france.diplomatie.fr/label\\_france/espa%C3%B1ol/dossier/2000/10culturelle](http://www.france.diplomatie.fr/label_france/espa%C3%B1ol/dossier/2000/10culturelle)

- Declaración de la Conferencia de Autoridades Cinematográficas de Iberoamérica (CACI):  
<http://www.revistalinea.com.ar/notas/agosto2002/elcineyla.htm>
- Plataforma para a Defensa do Cine Español, "La excepción cultural, ausente del proyecto do Tratado de la nueva Constitución Europea":  
<http://cineytele.com>
- **Informacións encol do mercado audiovisual internacional**  
[www.idate.fr](http://www.idate.fr)  
[www.obs.coe.int/oea/fr](http://www.obs.coe.int/oea/fr)  
[www.omsync.com](http://www.omsync.com)

## **Anexos**

# Declaración Universal da UNESCO sobre a Diversidade Cultural

(Aprobada por unanimidade o 2 de novembro de 2001)

## A Conferencia Xeral

*Reafirmando* a súa adhesión á plena realización dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais proclamadas na Declaración Universal de Dereitos Humanos e en outros instrumentos universalmente recoñecidos, como os dos Pactos Internacionais de 1966 relativos un ós dereitos civís e polítics e o outro ós dereitos económicos, sociais e culturais;

*Recordando* que no Preámbulo da Constitución da UNESCO se afirma "(...) que a ampla difusión da cultura e a educación da humanidade para a xustiza, a liberdade e a paz son indispensables á dignidade do home e constitúen un deber sagrado que tódalas nacións teñen de cumprir cun espírito de responsabilidade e de axuda mutua";

*Recordando tamén* seu Artigo primeiro que asigna á UNESCO, entre outros obxectivos, o de recomendar "os acordos internacionais que estime convintes para facilitar a libre circulación das ideas por medio da palabra e da imaxe";

*Referíndose* ás disposicións relativas á diversidade cultural e ó exercicio dos dereitos culturais que figuran nos instrumentos internacionais promulgados pola UNESCO<sup>1</sup>;

*Reafirmando* que a cultura debe ser considerada como o conxunto dos riscos distintivos espirituais e materiais, intelectuais e afectivos que caracterizan a unha sociedade ou a un grupo social e que abrangue, ademais das artes e as letras, os xeitos de vida, as maneiras de vivir xuntos, os sistemas de valores, as tradicións e as crenzas<sup>2</sup>;

---

<sup>1</sup> Entre eles figuran, en particular, o Acordo de Florencia de 1950 e o seu Protocolo de Nairobi de 1976, a Convención Universal sobre Dereitos de Autor de 1952, a Declaración dos Principios de Cooperación Cultural Internacional de 1966, a Convención sobre as Medidas que Deben Adoptarse para Prohibir e Impedir a Importación, a Exportación e a Transferencia de Propiedade Ilícitas de Bens Culturais de 1970, a Convención para a Protección do Patrimonio Mundial Cultural e Natural de 1972, a Declaración da UNESCO sobre a Raza e os Prexuízos Raciais de 1978, a Recomendación relativa á condición do artista de 1980 e a Recomendación sobre a salvagarda da cultura tradicional e popular de 1989.

<sup>2</sup> Definición conforme ás conclusións da Conferencia Mundial sobre as Políticas Culturais (MONDIACULT, México, 1982), da Comisión Mundial de Cultura e Desenvolvemento (Nuestra Diversidad Creativa, 1995) e da Conferencia Intergubernamental sobre Políticas Culturais para o Desenvolvemento (Estocolmo, 1998).

*Constatando* que a cultura se atopa no centro dos debates contemporáneos sobre a identidade, a cohesión social e o desenvolvemento dunha economía fundada no saber;

*Afirmando* que o respecto da diversidade das culturas, a tolerancia, o diálogo e a cooperación, nun clima de confianza e de entendemento mutuos, están entre os mellores garantes da paz e a seguridade internacionais;

*Aspirando* a unha meirande solidariedade baseada no recoñecemento da diversidade cultural, na conciencia da unidade do xénero humano e no desenvolvemento dos intercambios culturais;

*Considerando* que o proceso de mundialización, facilitado pola rápida evolución das novas tecnoloxías da información e a comunicación, pasa a constituír un reto para a diversidade cultural, crea as condicións dun diálogo renovado entre as culturas e as civilizacións;

*Consciente* do mandato específico que se lle deu á UNESCO, no seo do sistema das Nacións Unidas, consistente en asegurar a preservación e a promoción da fecunda diversidade das culturas;

*Proclama* os principios seguintes e aproba a presente Declaración:

## **IDENTIDADE, DIVERSIDADE E PLURALISMO**

### **ARTIGO 1**

#### **A diversidade cultural, patrimonio común da humanidade**

A cultura adquire formas diversas a través do tempo e do espazo. Esta diversidade maniféstase na orixinalidade e a pluralidade das identidades que caracterizan os grupos e as sociedades que compoñen a humanidade. Fonte de intercambios, de innovación e de creatividade, a diversidade cultural é, para o xénero humano, tan necesaria como a diversidade biolóxica para os organismos vivos. Neste sentido, constitúe o patrimonio común da humanidade e debe ser recoñecida e consolidada en beneficio das xeracións presentes e futuras.

### **ARTIGO 2**

#### **Da diversidade cultural ó pluralismo cultural**

Nas nosas sociedades cada vez máis diversificadas, resulta indispensable garantir unha interacción harmoniosa e unha vontade de convivir de persoas e grupos con identidades culturais a un tempo plurais, variadas e dinámicas. As políticas que favorecen a inclusión e a participación de tódolos cidadáns garanten a cohesión social, a vitalidade da sociedade civil e a paz. Definido deste xeito, o pluralismo cultural constitúe a resposta política ó feito da diversidade cultural. Inseparable dun contexto democrático, o pluralismo cultural é propicio ós intercambios culturais e ó desenvolvemento das capacidades creadoras que alimentan a vida pública.

### **ARTIGO 3**

#### **A diversidade cultural, factor de desenvolvemento**

A diversidade cultural amplía as posibilidades de elección que se brindan a todos; é unha das fontes do desenvolvemento, entendido non só en termos de crecemento económico, senón tamén como medio de acceso a unha existencia intelectual, afectiva, moral e espiritual satisfactoria.

### **DIVERSIDADE CULTURAL E DEREITOS HUMANOS**

#### **ARTIGO 4**

##### **Os dereitos humanos, garantes da diversidade cultural**

A defensa da diversidade cultural é un imperativo ético, inseparable do respecto da dignidade da persoa humana. Ela supón o compromiso de respectar os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, en particular os dereitos das persoas que pertencen a minorías e os dos pobos autóctonos. Ninguén pode invocar a diversidade cultural para vulnerar os dereitos humanos garantidos polo dereito internacional, nin para limitar o seu alcance.

#### **ARTIGO 5**

##### **Os dereitos culturais, marco propicio da diversidade cultural**

Os dereitos culturais son parte integrante dos dereitos humanos, que son universais, indisociables e interdependentes. O desenvolvemento dunha diversidade creativa esixe a plena realización dos dereitos culturais, tal como os define o Artigo 27 da Declaración Universal de Dereitos Humanos e os

Artigos 13 e 15 do Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais. Toda persoa debe, así, poder expresarse, crear e difundir as súas obras na lingua que desexe e en particular na súa lingua materna; toda persoa ten dereito a unha educación e unha formación de calidade que respecte plenamente a súa identidade cultural; toda persoa debe poder participar na vida cultural que elixa e exercer as súas propias prácticas culturais, dentro dos límites que impón o respecto dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais.

## **ARTIGO 6**

### **Cara unha diversidade cultural accesible a todos**

Ó tempo que se garante a libre circulación das ideas mediante a palabra e a imaxe, hai que procurar que tódalas culturas poidan expresarse e darse a coñecer. A liberdade de expresión, o pluralismo dos medios de comunicación, o multilingüismo, a igualdade de acceso ás expresións artísticas, ó saber científico e tecnolóxico –comprendida a súa forma electrónica– e a posibilidade, para tódalas culturas, de estar presentes nos medios de expresión e de difusión, son os garantes da diversidade cultural.

## **DIVERSIDADE CULTURAL E CREATIVIDADE**

## **ARTIGO 7**

### **o patrimonio cultural, fonte da creatividade**

Toda creación ten as súas orixes nas tradicións culturais pero se desenvolve plenamente en contacto con outras. Esta é a razón pola que o patrimonio, en tódalas súas formas, debe ser preservado, valorizado e transmitido ás xeracións futuras como testemuña da experiencia e das aspiracións humanas, a fin de nutrir a creatividade en toda súa diversidade e instaurar un verdadeiro diálogo entre as culturas.

## **ARTIGO 8**

### **Os bens e servizos culturais, mercadorías distintas das demais**

Fronte ós cambios económicos e tecnolóxicos actuais, que abren vastas perspectivas para a creación e a innovación, débese prestar unha atención



particular á diversidade da oferta creativa, á xusta consideración dos dereitos dos autores e dos artistas, así como ó carácter específico dos bens e servicios culturais que, na medida en que son portadores de identidade, de valores e sentido, non deben ser considerados como mercadorías ou bens de consumo como os demais.

## **ARTIGO 9**

### **As políticas culturais, catalizadoras da creatividade**

As políticas culturais, en tanto que garanten a libre circulación das ideas e as obras, deben crear condicións propicias para a produción e difusión de bens e servicios culturais diversificados, gracias a industrias culturais que dispoñan de medios para desenvolverse nos planos local e mundial. Cada Estado debe, respectando as súas obrigas internacionais, definir a súa política cultural e aplicala, empregando para iso os medios de acción que xulgue máis axeitados, xa se trate de apoios concretos ou de marcos regulamentarios apropiados.

## **DIVERSIDADE CULTURAL E SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL**

## **ARTIGO 10**

### **Reforzar as capacidades de creación e de difusión a escala mundial**

Ante os desequilibrios que se producen actualmente nos fluxos e intercambios de bens culturais a escala mundial, é necesario reforzar a cooperación e a solidariedade internacionais destinadas a permitir que tódolos países, en particular os países en desenvolvemento e os países en transición, establezan industrias culturais viables e competitivas nos planos nacional e internacional.

## **ARTIGO 11**

### **Establecer relacións de asociación entre o sector público, o sector privado e a sociedade civil**

As forzas do mercado por si soas non poden garantir a preservación e promoción da diversidade cultural, condición dun desenvolvemento humano sostible. Dende este punto de vista, cómpre fortalecer a función primordial das políticas públicas, en asociación co sector privado e a sociedade civil.

## **ARTIGO 12**

### **A función da UNESCO**

A UNESCO, polo seu mandato e as súas funcións, ten a responsabilidade de:

- a- promover a consideración dos principios enunciados na presente Declaración nas estratexias de desenvolvemento elaboradas no seo das diversas entidades intergubernamentais;
- b- constituír un instrumento de referencia e de concertación entre os Estados, os organismos internacionais gubernamentais e non gubernamentais, a sociedade civil e o sector privado para a elaboración conxunta de conceptos, obxectivos e políticas a prol da diversidade cultural;
- c- proseguir a súa acción normativa e a súa acción de sensibilización e de desenvolvemento de capacidades nos ámbitos relacionados coa presente Declaración que corresponden as súas esferas de competencia;
- d- facilitar a aplicación do Plan de Acción cuxas orientacións principais se adxuntan en anexo da presente Declaración.

### **ORIENTACIÓNS PRINCIPAIS DUN PLANO DE ACCIÓN PARA A APLICACIÓN DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DA UNESCO SOBRE A DIVERSIDADE CULTURAL**

**Os Estados Membros comprométense a tomar as medidas axeitadas para difundir amplamente a Declaración da UNESCO encol da diversidade cultural e fomentar a súa aplicación efectiva, cooperando en particular con miras á realización dos seguintes obxectivos:**

- 1- Profundizar o debate internacional sobre os problemas relativos á diversidade cultural, en particular os que se refiren ós seus vencellos co desenvolvemento e a súa influencia na formulación de políticas, a escala tanto nacional como internacional; profundizar en particular a reflexión sobre a conveniencia de elaborar un instrumento xurídico internacional sobre a diversidade cultural.
- 2- Desenvolver a definición dos principios, normas e prácticas nos planos nacional e internacional, así como dos medios de sensibilización e as

- formas de cooperación máis propicias á salvagarda e á promoción da diversidade cultural.
- 3- Favorecer o intercambio de coñecementos e das prácticas recomendables en materia de pluralismo cultural con miras a facilitar, en sociedades diversificadas, a inclusión e a participación das persoas e dos grupos que proceden de horizontes culturais variados.
  - 4- Avanzar na comprensión e a clarificación do contido dos dereitos culturais, considerados como parte integrante dos dereitos humanos.
  - 5- Salvagardar o patrimonio lingüístico da humanidade e apoiar a expresión, a creación e a difusión no meirande número posible de linguas.
  - 6- Fomentar a diversidade lingüística –respectando a vingoa materna– en tódolos niveis da educación, onde queira que sexa posible, e estimular a aprendizaxe do plurilingüismo dende a máis temperán idade.
  - 7- Alentar, a través da educación, unha toma de conciencia do valor positivo da diversidade cultural e mellorar, a este efecto, tanto a formulación dos programas escolares como a formación dos docentes.
  - 8- Incorporar ó proceso educativo, tanto como sexa necesario, métodos pedagóxicos tradicionais, co fin de preservar e optimizar os métodos culturalmente axeitados para a comunicación e a transmisión do saber.
  - 9- Fomentar a “alfabetización electrónica” e acrecentar o dominio das novas tecnoloxías da información e da comunicación, que deben considerarse ó mesmo tempo como disciplinas de ensino e como instrumentos pedagóxicos capaces de reforzar a eficacia dos servicios educativos.
  - 10- Promover a diversidade lingüística no espacio numérico e fomentar o acceso gratuíto e universal, a través das redes mundiais, a tódalas informacións que pertencen ó dominio público.
  - 11- Loitar contra as desigualdades en materia de electrónica –en estreita cooperación cos organismos competentes do sistema das Nacións Unidas– favorecendo o acceso dos países en desenvolvemento ás novas tecnoloxías, axudándoos a dominar as tecnoloxías da información e facilitando á vez a circulación electrónica dos produtos culturais endóxeos e o acceso dos devanditos países ós recursos numéricos de orden educativo, cultural e científico, dispoñibles a escala mundial.

- 12- Estimular a produción, a salvagarda e a difusión de contidos diversificados nos medios de comunicación e as redes mundiais de información e, con este fin, promover a función dos servizos públicos de radiodifusión e de televisión na elaboración de producións audiovisuais de calidade, favorecendo en particular o establecemento de mecanismos cooperativos que faciliten a difusión das mesmas.
- 13- Elaborar políticas e estratexias de preservación e valorización do patrimonio cultural e natural, en particular do patrimonio oral e inmaterial, e combater o tráfico ilícito de bens e servizos culturais.
- 14- Respetar e protexer os sistemas de coñecemento tradicionais, especialmente os das poboacións autóctonas; recoñecer a contribución dos coñecementos tradicionais á protección do medio ambiente e á xestión dos recursos naturais, e favorecer as sinerxias entre a ciencia moderna e os coñecementos locais.
- 15- Apoiar a mobilidade de creadores, artistas, investigadores, científicos e intelectuais e o desenvolvemento de programas e de asociacións internacionais de investigación, procurando ó mesmo tempo preservar e aumentar a capacidade creativa dos países en desenvolvemento e en transición.
- 16- Garantir a protección dos dereitos de autor e dos dereitos conexos, con miras a fomentar o desenvolvemento da creatividade contemporánea e unha remuneración xusta do traballo creativo, defendendo ó tempo o dereito público de acceso á cultura, de conformidade co Artigo 27 da Declaración Universal de Dereitos Humanos.
- 17- Axudar á creación ou á consolidación de industrias culturais nos países en desenvolvemento e os países en transición e, con este propósito, cooperar no desenvolvemento das infraestruturas e as competencias necesarias, apoiar a creación de mercados locais viables e facilitar o acceso dos bens culturais dos devanditos países ó mercado mundial e ós circuítos de distribución internacionais.
- 18- Elaborar políticas culturais que promovan os principios inscritos na presente Declaración, entre outras cousas mediante mecanismos de apoio á execución e/ou de marcos regulamentarios apropiados, respectando as obrigacións internacionais de cada Estado.

- 19- Asociar estreitamente os diferentes sectores da sociedade civil á definición das políticas públicas de salvagarda e promoción da diversidade cultural.
- 20- Recoñecer e fomentar a contribución que o sector privado pode aportar á valorización da diversidade cultural e facilitar, con este propósito, a creación de espazos de diálogo entre o sector público e o privado.

**Os Estados Membros recomendan ó Director Xeral que ó executar os programas da UNESCO tome en consideración os obxectivos enunciados no presente Plan de Acción, e que o comunique ós organismos do sistema das Nacións Unidas e demais organizacións intergubernamentais e non gubernamentais interesadas, con miras a reforzar a sinerxia das medidas que se adopten a prol da diversidade cultural.**